




Informe cun resumo dos argumentos que levaron o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega a propor a modificación do nome de 14 concellos no novo Nomenclátor de Galicia 2025

Novas denominacións:


- A Caniza
- A Ribeira de Piquín
- Alfroz do Castro de Ouro
- Cangas de Morrazo
- Cercedo Cotobade
- Mondariz Balneario
- O Campo Lameiro
- O Castro de Caldeas
- O Porto do Son
- O Riós
- Oza Cesuras
- Pastoriza



Xustificación común para os cambios de ditame respecto do Nomenclátor vixente desde o ano 2003

A [Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística](#), que fixa o marco para o uso oficial do galego en diversos ámbitos, contén tamén a base legal para a recuperación e fixación da toponimia galega. No seu artigo 10 establece que "os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega" e que "corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente."

Rúa Tabernas, 11 - 15001 A Coruña
Tlf. 981 207 308 / Fax 981 216 467
secretaria@academia.gal
www.academia.gal





A toponimia galega sufriu un proceso de deturpación ao longo dos séculos e isto provocou que o nome patrimonial dalgúns lugares fose substituído por unha forma castelanizada, allea á lingua galega, especialmente en usos oficiais.


O Nomenclátor pretende a restauración das formas históricas patrimoniais. Para iso, acódese a fontes orais e documentais, porque un topónimo ten unha vida moito máis longa ca a dunha persoa. Estas formas oficiais están fundamentadas en criterios técnicos, filolóxicos e históricos, aínda que ás veces non coincidan con opinións particulares.


O feito de que haxa discrepancias entre os ditames do Nomenclátor 2003 e os desta nova edición de 2025 débese, en parte, a que hoxe temos máis acceso ca naquel momento a moita documentación.

A Caniza

Na Idade Media a localidade estaba incluída no Couto das Achas, pertencente ao mosteiro da Franqueira. Na documentación deste mosteiro e na do de Melón encontramos rexistros do topónimo *A Caniza* ("*outra nosa leyra e seve da Caniza*", ano 1297 Colección Diplomática de Melón) que talvez non se refire a esta localidade, pero que en calquera caso testemuña a existencia do nome A CANIZA na toponimia da zona. É unha forma feminina de CANIZO, un derivado de *cana* (< latín CANNA) sinónimo de *hórreo*, polo que debemos interpretar que o topónimo *A Caniza* veu motivado por unha construción.


No ano 1568 o mosteiro da Franqueira vendeu o couto das Achas a García Sarmiento de Soutomaior, conde de Salvaterra. O lugar da *Caniza*, situado na vereas que une o Ribeiro con Tui e Vigo, aínda non constituía parroquia, senón que estaba integrado na parroquia de Valeixe, pero tiña a consideración de *vila*.





"En la villa de la Caniça, que es en el balle de las achas & reino de Galicia, a quinze dias del mes de março de mil & quinientos y ochenta y nueve" (ES.41091.AGI/ /CONTRATACION,234,N.2,R.8, PARES).


Ávila y La Cueva (*Historia Tui*, 2, 284) descoñece a data exacta da erección da capela de Santa Teresa de Xesús no lugar, pero en calquera caso ha de ser posterior a 1622, data de canonización da santa de Ávila. Na documentación do século XVIII xa atopamos regularmente referencias á capela, que acabará constituíndo parroquia, primeiro como anexa de Valeixe (ano 1790) e posteriormente como parroquia autónoma (1815-1817).





No século XVIII, antes da creación da parroquia, A Caniza tiña status especial dentro da parroquia de Valeixe, pois esta era señorío do marqués da Serra mentres que o lugar da Caniza e o couto de Nogueiró seguían pertencendo ao conde de Salvaterra.


Descoñecemos tamén a data exacta da institución da feira, que segundo informa o *Catastro de Ensenada* (1753) se celebraba o día 20 de cada mes:





Nas referencias en textos escritos en castelán, o topónimo aparece frecuentemente castelanizado como *La Cañiza*, e con esta forma adoita rexistrarse na documentación posterior á creación da parroquia. Con todo, en fontes coma o *Catastro de Ensenada* (1753), e no seu *Expediente de Comprobación* (1764), á beira da forma deturpada tamén se rexistra en ocasións a forma lexítima:





Malia o emprego oficial da forma castelanizada desde hai polo menos dous séculos, o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega puido comprobar que a memoria do orixinario A Caniza sobreviviu ata actualidade entre os falantes da zona, cada vez nun uso máis minoritario.

Dado que a lei establece que a forma oficial dos topónimos de Galicia é a súa forma galega e que a forma *Cañiza* é allea á lingua galega, propoñemos oficializar o topónimo A Caniza como nome da vila, da parroquia e do concello.

Outra información obtida no proceso de revisión por parte do Seminario de Onomástica:

- **Reclamación:** revisouse a petición de Gonzalo Navaza e tras recibir unha carta de Manuel Rodríguez Troncoso, médico de 80 anos que foi nomeado fillo predilecto da Caniza, onde manifesta que os seus pais e todos os seus veciños que falaban galego sempre pronunciaron A Caniza.
- **Chamadas telefónicas:** falouse con 10 veciños e veciñas de distintas parroquias deste concello e houbo xente que asegurou que os avós sempre dixeran A Caniza.
- **Propostas e ditame dos membros do Seminario:** decidiuse de forma unánime restaurar a forma propiamente galega deste topónimo, A Caniza, que coincide coa palabra do léxico común recollida no Dicionario da RAG, tanto para o nome da vila, da parroquia e do concello.



